

COMUNICADO A TODA A VECIÑANZA DE RAMIRÁS SOBRE A ACTULIDADE DA PRESENZA DE ARSÉNICO NA AUGA DE CONSUMO NO NOSO CONCELLO

Ao longo de todo o ano, o Concello de Ramirás encargou analíticas de control do abastecemento de auga da traída a través da Sociedade Provincial de Augas e Medio Ambiente. Estes controis mensuais fixéronse todos os meses, incluído o de xullo, para garantir que a auga era apta para o consumo.



IMAXE_1



IMAXE_2

Porén, coa chegada do verán, encargase, ademais, unha analítica a un laboratorio privado para controlar e prever a aparición de arsénico. Faise isto porque se considera que co descenso dos caudais, soen aumentar as concentracións deste tóxico.



IMAXE_3

Nesta analítica pódese comprobar como tomando dúas mostras, na mesma data e hora, de distintos puntos do concello (unha da billa da propia Casa do Concello e a outra no tanque da ETAP) poden saír valores distintos nos niveis de arsénico na auga, sendo superiores na mostra da billa.

Vendo que as previsións dun posible aumento se tornaban realidade, o concello solicita da Confederación Hidrográfica unha nova analítica para demostrar que xa podía haber uns niveis altos de concentración de arsénico no río Tuño. As sospeitas véñse confirmadas ao recibir a analítica da autoridade hidrográfica e confírmase que tanto no río como na cámara de captación, os niveis de arsénico aumentaran desde que se comezou a pechar o encoro de cando en vez.



IMAXE_4

Polo tanto e, á luz de toda a información achegada e feita pública, queda demostrado que o nivel de arsénico na cámara de captación é igual que a da ETAP.

Do mesmo xeito, a veciñanza é coñecedora que, a partir da confirmación da presenza de arsénico, o Concello de Ramirás comezou a traer cisternas para distribuír auga segura para o consumo humano entre a poboación.

Reitérase que nunca se ocultou que se estivesen a facer análises preventivos posto que se considera que é a mellor maneira de detectar anomalías e impedir o risco para a saúde de todas e todos, ao tempo que se pode actuar rápidamente.

O Concello de Ramirás actúa con esta previsión desde a consciencia de que os niveis de arsénico soen aumentar cando baixa o caudal dos ríos, algo que soe acontecer nos meses do verán.

Toda a [información](#) está a disposición da veciñanza nas dependencias municipais posto que teñen o dereito de acceso a toda canta documentación afecte aos seus intereses e, neste caso, á súa propia seguridade e protección da saúde.